

Rapazz Quartet

Rapazz naceu alá polo ano 2008 cando catro músicos afeccionados, levados da súa paixón pola música, quixeron embarcarse na aventura de interpretar esa música vital e con alma que é o jazz (que música para chamarse tal, podería non ter esas calidades?). E así, versionando temas clásicos do swing, blues, funky, bossa..., tratando de facelos seus e dándolles un toque persoal é como Rapazz se adentra nesta selva de sons que é o jazz. E fano como rapaces inquedados, que queren revolver no baúl das corcheas, os silencios, os compases, os bemoles e saciar as súas insaciáveis ganas de crear. Di o gran trompetista Wynton Marsalis: "O jazz é a arte da "oportunidade", pois che ensina o "cando". Cando empezar, cando esperar, cando subir, cando tomar o teu tempo; é dicir, esas ferramentas tan indispensables na vida para facer feliz a alguén..."

E se o jazz concédelles esta "oportunidade", os "Rapazzes" non a queren perder.

O grupo está composto por:

Voz: Vitoria Álvarez Acón

Batería: Alberto Cabezas

Piano: Enrique Fernández Tornero

Baixo eléctrico: Javier López Pallarés

Trombón: Diego Rodríguez Sánchez

Saxos alto e soprano: Luís Ramas

Repertorio:

- Clásicos standard de jazz (Afro Blue, Beautiful Love, Just Friend, Summertime, Take Five, Solar, I'll Remember April, All of Me, Stollen moments...)
- Blues (Chicken, One More Once..)
- Funky (Affirmation)
- Baladas (What a difference a day makes, Stella by Starlight..)
- Bossas (Wave, Recado Bossa Nova, Blue Bossa, Black Orpheus)
- Latin (Mambo Influenciado, Samba de Orfeu)

Le Maniot

Acordeón, contrabaixo, percusión e voz, son os catro ingredientes que se mesturan neste cuarteto musical.

Temas propios, standards de jazz, cancións de tradición irlandesa, da Europa do Leste, do Brasil, tangos, boleros... conforman o repertorio que confirma que Le Maniot nace da procura dun son diverso e diferente, dirixido a todo tipo de caracteres e personalidades sonoras con ansias de innovación.

Le Maniot somos:

Ana Leira: voz

Vadim Yuxhnevich: acordeón

Alfonso Calvo: contrabaixo

Roi Adrio: percusión

Sumrrá

Falar de Sumrrá é falar de dunha realidade. Unha realidade que bota a andar no 2001, e que ata o momento non fixo máis que dar bos froitos. Como mostra, este cuarto que recén está presentando: "4.0".

A proposta de Sumrrá é formalmente jazzística, pero toma aleatoriamente elementos doutros xéneros como o pop, o rock ou o folk, no seu empeño de "conta-la historia ó seu xeito" por riba de todo, usando en cada intre as cores que estiman axeitados para sazonar o seu discurso.

Sumrrá nacen libres e medran libres.

A súa ética, e maila súa estética son a improvisación e o xogo, pero esa frescura non disimula un alto nivel de composición propia, que os convirte nun referente fundamental do jazz galego.

Lar Legido: Batería

Manuel Gutierrez: Piano

Xacobe Martínez Antelo: Contrabaixo

Anacaona LatinJazz

Cuarteto de excelentes músicos de jazz e de recoñecido respecto gañado a base dunha longa vida nos escenarios de todo o mundo. Quique Alvarado é o seu lider e tocou entre outras figuras da escena do jazz internacional con Paquito Rivera. Os seus compoñentes son destacados mestres nas mellores escolas de música da Coruña e Santiago.

Anacaona Latin Jazz, música quente e chea de raíces ao alcance de todos/as aderezado coa mestría destes catro virtuosos instrumentistas que sen dúbida deixarán ao público con moi boa sensación, e serán a ledicia de que os escoite.

Quique Alvarado: Baixo

Toni González: Batería

Alfredo Álvarez: Piano

Guillermo Lancelotti: Trompeta

Nani García Trio

Nani García, compositor, músico e produtor musical. Inicia a súa formación musical en composición e jazz en Suecia os anos 1976-1980. No seu retorno a Galicia forma parte dos diversos grupos de jazz da época. Nos anos 90 empeza a compaxinar a súa actividade como solista co seu labor como produtor musical.

Miguel Cabana empeza os estudos de percusión clásica aos 13 anos, derivando anos despois nunha plena dedicación á batería e a percusión moderna. En setembro de 1999 entra a formar parte do profesorado da Escola Municipal de Música da Coruña na sección de jazz e música moderna dirixida por José A. Acuña, quen o introduciu de cheo no mundo do jazz.

Simón García é licenciado polo Conservatorio Superior de Música de Salamanca. Actualmente é contrabaixista na Banda Sinfónica Municipal da Coruña. Ademais da gravación de spots e bandas sonoras, cabe destacar o seu labor como compositor e arranxista para formacións de cuartetos de contrabaixos.

Hai 11 anos creábase o BURGOJAZZ, o Festival de Jazz de Culleredo que, dun xeito modesto, quería contribuír a formar un público de jazz no noso concello, así como animar o movemento jazzístico en xeral, incidindo na aparición de novos grupos e creadores, xa que nese momento non existían suficientes formacións, na provincia, para encher un festival. Paralelamente á andaina do BURGOJAZZ, nestes anos fóronse descubrindo novos camiños e públicos, que ten como resultado a aparición dun jazz galego que incorpora novos rexistros, tendencias e un importante grupo de creadores que permite xa manter festivais presentando, cada ano, carteis anovados.

A aposta que realizamos viuse inmediatamente recompensada cun público fiel, formado e entendido, a quen diriximos este XI BURGOJAZZ, esperando ter acertado cos grupos seleccionados para o programa deste ano, dedicado a excelentes formacións jazzísticas galegas, recoñecidas tanto no panorama estatal como mesmo internacional. Rapazz Quartet, Le Maniot, Sumrrá, Anacaona Latin Jazz e Nani García Trío nos acompañarán nestes cinco días de festival. Unha aposta de calidade que, de seguro, animará a públicos moi diversos a achegárense a este incomparable marco do Xardín Botánico "Ría do Burgo".

Celestino Poza Domínguez
Concelleiro de Cultura

Aula de Natureza "Juan Lembeye" Xardín Botánico
"Ría do Burgo" do 23 ao 27 de maio ás 20:30 horas

maio
2011

luns 23
Rapazz
Quartet

martes 24
Le
Maniot

mércores 25
Sumrrá

xoves 26
Anacaona
Latin
Jazz

venres 27
Nani
García
Trio

